

## DOMINGO V DE PASCUA (A)

### **PRIMEIRA LECTURA**    Feit 6, 1-7

Lectura do libro dos Feitos dos Apóstolos

Por aqueles días, como ía medrando o número dos discípulos, orixinouse un descontento dos helenistas contra os hebreos, porque se desatendía ás viúvas de fala grega no servizo diario. Entón os Doce reuniron a asemblea dos discípulos e dixeron: - Non está ben que deixémo-la palabra de Deus para nos dedicarmos ó servizo das mesas. Polo tanto, irmáns, escollede de entre vós sete homes de bo creto, cheos de Espírito e sabedoría, e poñerémolos para este oficio. Nosoutros continuaremos dedicados á oración e ó servizo da palabra.

A proposta gustou á asemblea, e elixiron a Estevo, home cheo de fe e do Espírito Santo, a Filipe e Prócoro, Nicanor, Timón, Pármenas e Nicolao, prosélito de Antioquía; presentáronlles ós apóstolos, e, despois de orar, impuxéronlle-las mans. A palabra de Deus crecía, e medraba moito o número dos discípulos en Xerusalén e unha gran cantidade de sacerdotes aceptaban a fe.

### **SALMO RESPONSORIAL**    Sal 32, 1-2. 4-5. 18-19

R/. (22): **Veña a nós, Señor, a túa misericordia, como de ti o esperamos.**

Ou: **Aleluia.**

Alegrádevos, xustos, no Señor:  
ós homes rectos acáelles loarte.

Festexade o Señor coa cítola,  
tocade para el con arpa de dez cordas.

A palabra do Señor é recta  
e tódalas súas obras son leais:  
el ama o dereito e a xustiza,  
a súa misericordia enche a terra.

Os ollos do Señor están postos nos que o temen,  
nos que esperan na súa misericordia,  
para libra-las súas vidas da morte,  
para os manter no tempo da miseria.

**SEGUNDA LECTURA** 1 Pe 2, 4-9

Lectura da primeira carta do Apóstolo San Pedro

Benqueridos irmáns: Ó achegádesvos ó Señor, pedra vivificadora -de refugallo para os homes, pero pedra escollida e aprezada ós ollos de Deus-, sede tamén vós, coma pedras vivas, parte da construción do templo espiritual: para os cultos dun sacerdocio santo e para ofrecer sacrificios espirituais, aceptables a Deus por medio de Xesús Cristo. Por iso lese na Escritura: Ollade que eu poño en Sión unha pedra angular, escollida e digna de honra, de xeito que quen confíe nela, non levará desengano.

A súa honra é para vós, os que credes, pero para os que non cren é a pedra que refugaron os canteiros e que se converteu en esquinal, e aínda máis: en pedra onde se tropeza, en couce onde un se esnafra. Eles tropezan contra a Palabra, porque non lle fixeron caso: tropezar era o seu destino.

Pero, en cambio, vós sodes raza escollida, sacerdocio de reis, nación santa, pobo adquirido por Deus, para pregoárde-las marabillas daquel que vos chamou das tebras á súa luz admirable.

**EVANXEO** Xn 14, 1-12

Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán

Naquel tempo, díxolles Xesús ós seus discípulos: - Non vos agoniedes: crede en Deus e mais crede en min. Na casa do meu Pai hai moitas moradas; doutro xeito, ¿teríavos dito que vos ía arranxar un lugar? E cando vaia e vos arranxe un lugar, volverei e collereivos comigo, para que, onde estea eu, esteades tamén vós. E a onde eu vou, vós ben sabéde-lo camiño. Dille Tomé: - Señor, se non sabemos onde vas, ¿como imos sabe-lo camiño? Xesús respondeulle: - Eu son o camiño, a verdade e a vida: ninguén chega onda o Pai máis ca por min. Se me coñecesedes, coñeceríades tamén a meu Pai; anque xa desde agora o coñecedes e o tedes visto.

Filipe díxolle: - Señor, móstrano-lo Pai e abóndanos. Xesús replicoulle: - Pero, Filipe, ¿levo tanto tempo convosco e aínda non me coñeces? Quen me viu a min, viu o Pai. ¿Como dis entón "móstrano-lo Pai"?

¿Non cres que eu estou no Pai e o Pai en min? As palabras que eu vos digo non as falo pola miña conta; é o Pai, que permanece en min, quen fai as súas obras. Crédeme que eu estou no Pai e o Pai en min. Se non, polo menos crede por esas mesmas obras. Con toda verdade volo aseguro: quen cre en min fará el tamén as obras que eu fago, e faraaas meirandes aínda, pois estou para irme onda o Pai.